

Vigo hoxe

## **INTRODUCCIÓN**

Vigo hoxe persegue a revisión da mellor arquitectura da cidade realizada con criterios de modernidade. Esta arquitectura podemos vela tanto no centro da cidade como na antiga vila de Bouzas ou no campus universitario As Lagoas-Marcosende. Son obras de calidade probada, asinadas polos mellores arquitectos galegos pero tamén por grandes nomes da arquitectura internacional.

Na área metropolitana de Vigo residen hoxe arredor de medio millón de habitantes, que conforman a capital económica do sur de Galicia. No desenvolvemento económico de Vigo teñen un peso específico o Porto e Zona Franca, na que está establecida Citroën, factoría que dá emprego a case 10.000 traballadores e que chegou a Vigo en 1959, doce anos despois da creación da área industrial.

O porto de Vigo, hoxe un dos principais portos pesqueiros e comerciais de Europa, foi o lugar dende o que partiron milleiros de emigrantes galegos a América.

## **O MOVEMENTO MODERNO**

Os edificios aquí propostos son seis excelentes apostas pola arquitectura nun dos períodos máis emocionantes, nos que se apostaba por novos materiais e a relectura dos existentes. O denominador común en todos eles é a aposta pola modernidade.

### Xosé Bar Boo | 1957

Primeira obra do gran arquitecto vigués, que introduciu por fin na cidade as claves do movemento moderno ao superar a dependencia da construción limitada ao granito. Neste edificio, realizado para a súa familia, puido desenvolver as claves que marcarían a súa carreira.

Na fachada tradúcense os usos dos espazos, así podemos ver diferenciados polos materiais que se utilizan os locais comerciais, as oficinas e as vivendas.

As vivendas, aplacadas de granito, están resoltas a diferentes alturas como se de chalets se tratase e contan con terrazas interiores que cada vez son máis amplas para facilitar a entrada de luz.

Fai seus os conceptos renovados de iluminación natural mediante un patio que penetra como unha espiña dorsal escalonada realizando un equilibrio entre as zonas construídas e a luz e ventilación naturais, apreciábles na sección do edificio. Así, o edificio non precisa abrirse necesariamente á rúa, empregando entón grandes superficies de mármore de cor que lle dan un carácter tan singular ao edificio, que tamén ten remates en formigón, reflectindo a estrutura da construción.



**Edificio  
Plastibar**

## **Jenaro de la Fuente Álvarez | 1959**

A estética naval que xa observáramos nas obras racionalistas da cidade reaparecen nesta obra como símbolo de modernidade, como se pode apreciar na sensación de movemento que dan as liñas curvas, nas barandas de ferro e cristal ou no gresite azul. Por último, o remate en forma de pérgola acaba de outorgarlle o aspecto de gran nave varada.

A parcela, de fachada estreita á rúa Urzáiz, aproveita a escasa superficie do terreo mediante uns característicos beirís cos que se prolonga e cos que se potencia a diferenciación entre as plantas. Na base, as zonas dedicadas a establecementos comerciais rematadas en cristal contribúen a crear a sensación de que o edificio flota.

A ubicación do edificio en esquina será aproveitada polo arquitecto para aplicar unha das máis recoñecibles linguaxes nos anos 50, o dinamismo das liñas curvas na esquina, máis enfatizada ao ir retranqueándose a medida que os pisos van "subindo" a modo de gran barco. O parecido é incluso visible en canto ás cores empregadas e as viseiras das últimas plantas.

**Edificio  
Aurora Polar**



## J. A. Corrales Gutiérrez e Joaquín Basilio Bas | 1963

Estas vivendas subvencionadas que dan carácter á Travesía de Vigo dende os anos sesenta priman a funcionalidade dado o seu transfondo social.

Trátase dun conxunto de oito bloques lonxitudinais de diferentes alturas, edificados con distancias calculadas para manter o soleamento e as vistas de todos. A construción destes edificios sustentábase nuns módulos fixos a partir dos que se conformaban dúplex e tríplex que se traducen ao exterior a partir da diferenciación dos tamaños das ventás. O sistema construtivo foi moi novidoso para a súa época, cun sistema sueco de encofrado que permitía erguer unha planta por día.

O arquitecto José A. Corrales ten a oportunidade de aplicar nestes edificios elementos prefabricados, de tal xeito que o obxectivo fundamental era a consecución de vivendas en tempo récord e cun custo mínimo. Evidentemente, o seu aspecto exterior carece de ornamento algún: perfectas "caixas" reflexo dunha ideoloxía construtiva de vangarda, que se poden relacionar con proxectos residenciais de Le Corbusier, como son as Unidades de Habitación.



**Vivendas na  
Travesía de Vigo**



**Casa  
Pernas**

### **Desiderio Pernas | 1964**

O arquitecto, alumno de Mies van der Rohe en Chicago, fixo da súa propia vivenda o decálogo da visión da arquitectura. O material construtivo foi o ladrillo branco por dentro e por fóra. Ademais do beirril o único elemento que rompe a fachada son as contraventás corredeiras de madeira

A utilización de muros de carga de ladrillo visto, nos que o único detalle é a propia textura do ladrillo; a disposición dos muros; a apertura dos "muros de vidro" onde se ausentan os macizos e a cuberta plana achegan este proxecto a edificios e proxectos doutro gran mestre do século XX, Mies van der Rohe.



**Policlínico  
Cíes**

### **Xosé Bar Boo | 1967**

O uso do granito e o vidro cunha linguaxe contemporánea remátase coa contundente entrada de formigón en forma de pérgola que remata a edificación. A novidade da construción complétase con outro concepto: idear o edificio cun complexo programa de usos sen ángulo recto algún.

Bar fai unha relectura dun material tradicional, o granito, utilizádoo dun xeito orixinal, nun edificio que non ten esquinas na súa fachada, sendo unha intersección de superficies e liñas curvas. Debido á súa función, neste pequeno edificio terá unha vital importancia cómo tamizar a luz e onde non poderá habela (quirófanos, almacéns,...), situando estes últimos no interior da planta.

## Desiderio Pernas | 1973

Este complexo programa ideado por Desiderio Pernas como centro de educación especial móstrase debedor dos seus dous mestres de referencia, Mies van der Rohe e Arne Jacobsen en elementos como a fábrica de ladrillo branco (tanto para as aulas como para os corpos de comedor, piscina e pista cuberta que se sitúan nos catro ángulos) e o remate nunha cuberta plana de formigón.

Dados os condicionantes específicos deste tipo de centro, cada aula plantéase como un elemento independente, dispoñendo dun patio interior que da luz e funciona como un xardín independente.

Desiderio Pernas traballará a unha escala maior as ideas da súa vivenda e, farao en máis proxectos. O colexio, para alumnos de educación especial, organízase nunha retícula de muros de carga de ladrillo. Nesa retícula, alternanse aulas e patios exteriores, sendo a luz natural a gran protagonista de novo. Nas esquinas da malla xorden os espazos comúns: ximnasio, comedor, ...



**Colexio  
Saladino Cortizo**

## OFICINAS, UN LABORATORIO DE NOVAS FORMAS

A menos de vinte metros uno do outro, o Edificio Derby e o Edificio Oficentro son dous singulares exemplos de como adaptarse ás circunstancias do solar e o seu contorno de xeito eficaz e ben distinta. Separados no tempo tan só trece anos e común o seu uso de oficinas en ambos casos.



**Edificio  
Derby**

### Desiderio Pernas | 1973

Nun dos lugares máis emblemáticos da cidade encargábase a Desiderio Pernas un edificio de oficinas que conforma practicamente unha mazá: na praza de Urzaiz actúa como telón de fondo cando se avanza cara ao centro dende a rúa Colón.

A parcela ten dificultades pois debe adecuarse a diferentes alturas nas catro fachadas. Por iso se decide elevar un prisma de oito plantas sobre un gran basamento.

O tratamento da torre resolto cun acabado metálico contrasta coa gran base chapada en granito, unha linguaxe que remarcaba a estrutura e na que Pernas se mostra de novo debedor de Mies van der Rohe. E de Arne Jacobsen.

A cor e os materiais, granitos vermellos e o emprego de muros cortina de aluminio anodizado cor bronce, fan desta construción todo un símbolo.



### Alfonso Penela | 1987

Este edificio de linguaxe singular está situado na traseira dun dos poucos edificios do mesmo uso que se erixen en Vigo dende parámetros similares, o Derby.

Ao crear o volume semicircular, á vez que aumenta a superficie de cada planta, o arquitecto consegue que a construción sexa visible dende a praza de Urzaiz, lugar de referencia na cidade.

A chapa metálica que recobre o edificio outórgalle unha estética claramente contemporánea que non ten acusado o paso do tempo. Este material que se dispón en horizontal deixando libres os ocos das ventás, contraponse coa verticalidade do elemento en formigón no que se agocha o ascensor.

Aínda que se trata dunha construción con vocación de significarse no contorno, nas fachadas laterais muda o aspecto metálico polo gresite para fusionarse cos edificios veciños.

O programa propon "ceder" parte da superficie construída dos baixos e obter un beiril sobre a rúa.



**Edificio  
Oficentro**

## OS NOVOS MUSEOS DE VIGO

Nuns poucos anos a cidade pasou de contar cun só museo, o Museo Municipal "Quiñones de León", a dispoñer dunha verdadeira rede de equipamentos culturais que abranguen a totalidade de temáticas que Vigo demanda.

### **Manuel Portolés, Salvador Fraga e Javier García-Quijada | 1999**

Os autores realizan unha intervención exterior moi sobria no edificio, apenas visible no tratamento da entrada a través dunha rampa de acceso e escalinata -que o integra coa rúa-, a cúpula metálica e o edificio anexo. A conservación dun esquema radial, inspirado nas ideas do filósofo británico Jeremy Bentham (1748-1832) e que se coñece co nome de panóptico, tradúcese nun corpo central do que parten tres galerías cun patio a cada lado rodeados con patios perimetrais.

**Volve a ser de vital importancia a recuperación dunha peza da trama urbana, nun lugar tan estratéxico.**

**MARCO**



## César Portela | 2000

O concepto básico é o dun cubo dentro doutro cubo. O primeiro é unha gran caixa acristalada que sobresaie por riba dunha terraza con vocación de mirador sobre a ría. Este cadrado funciona como unha gran caixa de luces que comunica e unifica todo o interior visualmente.

Dos catro museos que aquí se analizan, destaca que tres deles sexan reutilizacións ou adaptacións das construcións existentes. Só o Verbum é unha obra nova e como contedor de palabras que debería ser é o que máis responde a un modelo de "caixa" que encerra a outra caixa (escaleiras, ascensores), desenvolvéndose nos seus espazos perimetrais as salas de exposición, que carecen dun orden claro ou específico. A "pel" desta caixa forrarse de pizarra salvo na planta baixa. É un proxecto do que nos poderíamos preguntar se tamén sería adecuado noutros lugares, xa que parece carecer de sinais de identidade co contorno.



## **Aldo Rossi e César Portela Fernández-Jardón | 1992-2002**

A primixenia lectura cargada de fantasía de Aldo Rossi, ao concebir a antiga fábrica como unha fortaleza, foi tamizada con posterioridade por César Portela.

A partir dun conxunto de naves xa existentes, contruíronse un corpo máis xunto cunha cantina, un acuario e un faro. Portela une as antigas naves -pertencentes a unha antiga fábrica conserveira, logo matadoiro municipal- cun segundo corpo de naves, de nova construción cunha pasarela de metal e cristal.

O museo do Mar de Galicia, de Aldo Rossi e César Portela, parte dunhas naves lonxitudinais existentes e da súa cercanía ao mar, factor fundamental. Respectando esa tipoloxía e empregando materiais nobres, lógrase o que cremos é vital para a cidade: é unha pequena pero importante franxa de fronte litoral que se recupera para a cidade, que axuda á rexeneración dos espazos limítrofes: praias,... A aparición de xacementos arqueolóxicos e a súa inclusión no proxecto a medio construír debe interpretarse como de respecto pola antigüidade.



**Museo  
do Mar**

## Emilio Tuñón e Luis Moreno Mansilla | 2005

A primeira obra na cidade dos arquitectos Emilio Tuñón e Luis Moreno Mansilla resólvese como unha construción que se desenvolve cara ao interior. A pel exterior do edificio conserva a fisonomía do histórico Banco de Vigo obra de Manuel Gómez Román. Xa dende a porta, na que podemos contemporar un dinámico xogo con connotacións op-art estásenos a falar da intención de modernidade coa que se instala en Vigo a Fundación Barrié.

A resolución interior parte de dúas premisas: uso das tecnoloxías máis avanzadas e sobriedade e contención nas formas. O esquema de distribución do edificio contén un espazo de acceso que queda libre nas plantas superiores e da paso a escaleiras, ascensores e a un salón de actos con opción de dous modos de funcionamento. Dentro da liña de sobriedade que sinalabamos nos materiais utilizados, mármore en tonalidades branca e negra, contrastan con pequenos "guiños" de cor vermella en cada planta a partir de mobiliario de deseño.

É a "ocupación" dunha fracción do edificio, do cal se realiza un valeirado e "enchido" cun núcleo vertical de escaleiras, ascensores e servizos que axudarán a marcar as salas nos diferentes niveis dunha arquitectura contemporánea agachada detrás dunha fachada decimonónica.



**Fundación  
Barrié**

## **ARQUITECTURA PARA O SÉCULO XXI: A CIDADE UNIVERSITARIA**

A Universidade de Vigo, creada por segregación da Universidade de Santiago en 1990, conta con tres campus en Vigo, Ourense e Pontevedra.

O campus é hoxe en día o mellor exemplo de arquitectura contemporánea viguesa na que se lle teñen encargado as diferentes facultades e equipamentos aos máis destacados arquitectos.

No noroeste do campus ubícanse as Facultades de Económicas e Empresariais, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, a Facultade de Filoloxía e Tradución e a zona deportiva.

No outro extremo están as facultades de Ciencias e as ETS de Enxeñería Industrial, de Minas e Telecomunicacións.

Na parte central, ubícanse os edificios de servizos: Rectorado, o Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI), a Biblioteca Central e a Área Comercial.

O proxecto urbanístico actual foi encargado en 1999 ao arquitecto Enric Miralles, coa intención de crear un núcleo vertebrador de todo o campus, o que se conseguiu co corredor que une a área deportiva co rectorado a partir das conexións en horizontal a través dunha

mesma cota de case un kilómetro de lonxitude.

Na actualidade está en proceso de elaboración un novo proxecto encargado ao gran arquitecto brasileiro Paulo Mendes da Rocha no que se dá unha volta máis ás conexións do campus.

O campus conta tamén cunha interesante intervención no que se refire ás vías de acceso, con cinturón de circunvalación, viais secundarios, sendas peonís,.

O campus é tamén un gran parque con especies arbóreas valiosas e fermosos lagos artificiais. Nos días soleados actúa como miradoiro de todo o val, a ría de Vigo coas illas Cíes e todas as serras do contorno.

## **INTERVENCIÓNS NO LITORAL**

As tres intervencións no litoral estudadas débense entender na escala da cidade. Vigo carece de espazos que limiten co mar e que sexan accesibles en canto que públicos. A gran maioría da fronte marítima é de uso e acceso privado: as zonas do porto, tanto pesqueiro como de mercancías, a antiga ETEA, os asteleiros, etc.

Son pois, tres oportunidades de recuperación para a cidade de espazos públicos.

## construíndo unha cidade

Vigo hoxe

### Alfonso Penela | 1989-1993

A construción desta facultade é anterior ao proxecto de urbanización do actual Campus. O edificio está situado nunha vaguada, adaptándose a ela, con pouca altura e forma de U aberto á paisaxe. A súa distribución está organizada en torno a tres espazos: as aulas, os despachos do profesorado e as áreas comúns. Cada aula ten unha cuberta discontinua que a individualiza.

Nunha segunda fase, catro anos máis tarde, o espazo comprendido entre os dous corpos do U pechouse para dar cabida a unha biblioteca e salón de actos.

Cada lado identifícase cun uso: aulario, departamentos e zonas comúns o central. As sucesivas ampliacións ou fases son unha serie de novos brazos que se van enganchando aos orixinais, provocando circulacións a veces demasiado prolongadas. Elementos macizos en granito, vidro e cubertas metálicas son os tres materiais construtivos elixidos para combatir as temperaturas extremas desta zona.



**Facultade de  
Económicas e  
Empresariais**



## Alberto Noguerol e Pilar Díez | 1992-2002

Foi proxectada con anterioridade ao proxecto de urbanización do campus da Universidade de Vigo. Por elo, a súa disposición actual está alonxada do propósito coa que foi concebida.

Os arquitectos idearon a construción como "un gran plano recortado e dobrado, en parte inclinado como cuberta, praza e ponte. Debaixo a biblioteca".

Na praza en que se constitúe a cuberta aparecen uns elementos singulares que agochan os lucernarios e fan o efecto de potentes esculturas minimalistas.

Os arquitectos coidan a posición do usuario da biblioteca xenerando espazos amplos e luminosos, que ao mesmo tempo presentan unha gran variedade de rincóns que favorecen a concentración.

**A Biblioteca de Alberto Noguerol e Pilar Díez é un gran volume varado nun solar de pendente moi difícil e cunha cuberta que funcionará como outra fachada máis. No seu interior, os arquitectos traballan con grandes superficies de circulación en lixeira pendente, sendo o resto, as de lectura e almacenamento horizontais.**



**Biblioteca**

## **EMBT | 1999**

A finais da década dos noventa, a Universidade de Vigo encarga ao arquitecto Enric Miralles para un obxectivo fundamental: intentar, mediante un proxecto de ordenación do campus universitario "coser" ou ligar os edificios existentes incluíndo novas edificacións por el proxectadas, o aulario, así como outras de diferentes firmas. Elimina así accesos rodados directos aos edificios, creando un cinturón perimetral con bolsas de aparcamento. A partir deste punto os accesos serán máis restrinxidos e peonís.

O novo corazón desta ordenación será o aulario, unha serie de edificios e espazos-praza ubicados lonxitudinalmente nunha soa cota de nivel na que se desenvolverán espazos destinados a centro comercial, aulas, departamentos e zonas deportivas entre outras, nunha linguaxe arquitectónica moi contemporánea como o son os piares que sustentan o aulario como se dun bosque de troncos de formigón se tratase. A repentina morte de Enric Miralles non paralizou as obras e o seu estudio, dirixido por Benedetta Tagliabue finalizou a obra.



**Aulario**

## Alfonso Penela | 1999

O edificio descomponse en catro brazos sobre a ladeira dunha loma conseguindo que todos os cuartos sexan exteriores. O corpo central non é unha edificación aparte dos brazos, senón que é unha continuación destes, que se erguen lixeiramente do chan producindo unha sutil impresión de levedade. O conxunto encaixa harmoniosamente co resto dos edificios do Campus. O seu aspecto exterior revestido de paneis metálicos dalle un aspecto futurista, que se reforza en días de sol ao facelo brillar intensamente.

O edificio destaca pola redución á mínima expresión de elementos accesorios. No punto de converxencia dos catro brazos sitúanse os servizos comúns e as escaleiras de distribución.

Na Residencia Universitaria, Alfonso Penela volve traballar con materiais por el xa coñecidos: fachadas de paneis de aluminio e vidro con formas curvas: catro brazos que parten dun núcleo central e con diferentes alturas son os distribuidores das estancias estudiantís, perfectamente estudadas no seu interior. Como non podía ser menos, os brazos están apoiados no terreo, evitando así as fortes pendentes.



**Residencia  
Universitaria**

## **Alfonso Penela | 2000**

O edificio do Rectorado da Universidade de Vigo, está marcado pola súa inserción no proxecto global do Campus, onde se integra na súa cota 460, obra do estudio barcelonés EMBT. O edificio ten planta de ferradura cun patio interior que enlaza cun vial peonil que permite percorrer o Campus.

A súa fachada curva está recuberta de metal e madeira. Estes materiais intercálanse mediante pezas rectangulares combinándose co vidro das ventás. O resultado é un xogo cromático e de texturas sobrio e contundente que destaca visiblemente dende calquera punto do Campus.

Esta peculiaridade do edificio é consecuencia do seu papel como núcleo administrativo do complexo univesitario. Este carácter de buque insignia do Campus combínase coa súa función como imán para os membros da comunidade universitaria.

O patio interior exerce unha función de acollida, protexendo ao mesmo tempo das inclemencias do tempo.

**No edificio do Rectorado, Penela volve a empregar a mesma linguaxe, máis enfatizada.**

**Rectorado**



## Bonell i Gil | 1995

O edificio sede da Xunta de Galicia actúa como un magnífico peche do paseo de Montero Ríos á vez que configura unha nova praza, a Praza da Estrela. Dous volumes de diferentes proporcións unificados por unha pel de pedra e cristal denotan o carácter oficial das construcións e crean un novo centro administrativo na cidade.

O concepto “Abrir Vigo ao Mar” volve gañar un espazo urbano para os cidadáns.



**Edificio Institucional  
da Xunta de Galicia**

## Guillermo Vázquez Consuegra | 1997

Esta actuación forma parte do proxecto Abrir Vigo ao Mar, un conxunto de intervencións urbanísticas e arquitectónicas que tiñan como obxectivo a mellora do borde marítimo da cidade en pleno centro.

Tanto o paseo das Avenidas como o Berbés son obra do arquitecto Guillermo Vázquez Consuegra, que acaba de recibir o premio de Arquitectura 2005 con esta obra. Con elementos pétreos de granito de gran tamaño e con mobiliario urbano espacialmente deseñado para este proxecto, conseguiu en Montero Ríos a recuperación dunha fronte privilexiada ao mar.

A intervención realizada por Vázquez Consuegra estivo centrada na recuperación dun espazo moi degradado e con intenso tráfico rodado: primeiro construíu un túnel para soterrar o tráfico e peonizar toda a rúa Montero Ríos, para posteriormente actuar sobre os Xardíns de Elduayen cunha nova ordenación dos espazos, e finalmente construíndo unha nova Estación de Ría.

O deseño da zona do Berbés é máis complicado: a fronte das edificacións de tradición mariñeira que limitaba co areal do Berbés foise separando máis e máis do mar cos sucesivos recheos. No seu proxecto, o arquitecto logra que a praza, que ten que renunciar ao mar, cree os seus propios elementos e se centre en revalorizar as fachadas cos seus soportais, dunha escala edificatoria case perdida.

**Paseo de  
Montero  
Ríos/Xardíns  
de Elduayen**



## Daniel Rivoira e Julio Daniel Rodríguez | 1997

A antiga vila de Bouzas, está situada nunha península rochosa rodeada de praias que lle deu un carácter urbano marcado pola actividade pesqueira. A súa anexión a Vigo nos primeiros anos do século XX e o posterior desenvolvemento industrial desta, afectou a todo o seu borde litoral, desdebuxando a súa relación co mar.

Recuperar esta primixenia vinculación co mar, foi o obxectivo principal dos arquitectos, actuando na igrexa, rehabilitando o seu adro e recuperándoo como espazo público; reordenando o porto pesqueiro e integrando de novo a súa fachada marítima coa vila a través da construción dun paseo marítimo.


O paseo de Bouzas, de Rodríguez e Rivoira, arquitectos locais, axudou sen dúbida algunha a recuperar un espazo degradado abocado ao ostracismo, provocado polo recheo de Bouzas, cambiando a relación co mar e a súa escala. As diferentes seccións do paseo marcan un estudado traballo de relación co mar.



**Paseo  
marítimo  
de Bouzas**









## FICHA 1. EDIFICIO PLASTI- BAR

Xosé Bar Boo | 1957

Primeira obra do gran arquitecto vigués, que introduciu por fin na cidade as claves do movemento moderno ao superar a dependencia da construción limitada ao granito.

Neste edificio, realizado para a súa familia, puido desenvolver as claves que marcarían a súa carreira.

Na fachada tradúcense os usos dos espazos, así podemos ver diferenciados polos materiais que se utilizan os locais comerciais, as oficinas e as vivendas.

As vivendas, aplacadas de granito, están resoltas a diferentes alturas como se de chalets se tratase e contan con terrazas interiores que cada vez son máis amplas para facilitar a entrada de luz.



**Edificio  
Plastibar**

## construíndo unha cidade

Vigo hoxe

### FICHAS DIDÁCTICAS

Fai seus os conceptos renovados de iluminación natural mediante un patio que penetra como unha espiña dorsal escalonada realizando un equilibrio entre as zonas construídas e a luz e ventilación naturais, apreciábles na sección do edificio. Así, o edificio non precisa abrirse necesariamente á rúa, empregando entón grandes superficies de mármore de cor que lle dan un carácter tan singular ao edificio, que tamén ten remates en formigón, reflectindo a estrutura da construción.

Arquitecto/s

Data da construción

Nº de andares

Situación do edificio

Análise da relación co contorno

Propósito desexado desa relación

Análise da morfoloxía do edificio

Usos do edificio

Análise de forma e función

Materiais empregados na súa construción

Tipo de vans

Elementos decorativos

Parte posterior do edificio

Outros elementos a destacar

## FICHA 2. MUSEO DO MAR DE GALICIA

Aldo Rossi e César Portela Fernández-Jardón | 1992-2002

A primixenia lectura cargada de fantasía de Aldo Rossi, ao concebir a antiga fábrica como unha fortaleza, foi tamizada con posterioridade por César Portela.

A partir dun conxunto de naves xa existentes, contruíronse un corpo máis xunto cunha cantina, un acuario e un faro. Portela une as antigas naves -pertencentes a unha antiga fábrica conserveira, logo matadoiro municipal- cun segundo corpo de naves, de nova construción cunha pasarela de metal e cristal.



**Museo  
do Mar**

## construíndo unha cidade

Vigo hoxe

FICHAS DIDÁCTICAS

O museo do Mar de Galicia, de Aldo Rossi e César Portela, parte dunhas naves lonxitudinais existentes e da súa cercanía ao mar, factor fundamental. Respectando esa tipoloxía e empregando materiais nobres, lógrase o que cremos é vital para a cidade: é unha pequena pero importante franxa de fronte litoral que se recupera para a cidade, que axuda á rexeneración dos espazos limítrofes: praias,... A aparición de xacementos arqueolóxicos e a súa inclusión no proxecto a medio construír debe interpretarse como de respecto pola antigüidade.

Arquitecto/s

Data da construción

Nº de andares

Situación do edificio

Análise da relación co contorno

Propósito desexado desa relación

Análise da morfoloxía do edificio

Usos do edificio

Análise de forma e función

Materiais empregados na súa construción

Tipo de vans

Elementos decorativos

Parte posterior do edificio

Outros elementos a destacar

### FICHA 3. AULARIO DO CAMPUS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

EMBT | 1999

A finais da década dos noventa, a Universidade de Vigo encarga ao arquitecto Enric Miralles para un obxectivo fundamental: intentar, mediante un proxecto de ordenación do campus universitario "coser" ou ligar os edificios existentes incluíndo novas edificacións por el proxectadas, o aulario, así como outras de diferentes firmas. Elimina así accesos rodados directos aos edificios, creando un cinturón perimetral con bolsas de aparcamento. A partir deste punto os accesos serán máis restrinxidos e peonís.



**Aulario**

## construíndo unha cidade

Vigo hoxe

### FICHAS DIDÁCTICAS

O novo corazón desta ordenación será o aulario, unha serie de edificios e espazos-praza ubicados lonxitudinalmente nunha soa cota de nivel na que se desenvolverán espazos destinados a centro comercial, aulas, departamentos e zonas deportivas entre outras, nunha linguaxe arquitectónica moi contemporánea como o son os piares que sustentan o aulario como se dun bosque de troncos de formigón se tratase. A repentina morte de Enric Miralles non paralizou as obras e o seu estudio, dirixido por Benedetta Tagliabue finalizou a obra.

Arquitecto/s

Data da construción

Nº de andares

Situación do edificio

Análise da relación co contorno

Propósito desexado desa relación

Análise da morfoloxía do edificio

Usos do edificio

Análise de forma e función

Materiais empregados na súa construción

Tipo de vans

Elementos decorativos

Parte posterior do edificio

Outros elementos a destacar



## BIBLIOGRAFÍA

**Abad Gallego, X. C.:** *Que é que? na arqueoloxía prehistórica da comarca viguesa.* Ed. Instituto de Estudos Vigueses. Vigo, 1998.

**Arias Vila, F.:** *A romanización de Galicia.* Ed. A Nosa Terra. Vigo, 1992.

**Agrasar Quiroga, F.:** *Guía de Arquitectura de Vigo 1930-2000.* Ed. COAG Vigo, 2003.

**BUGUINA,** Boletín bimestral do programa Urban. Nº 3/4. Ed. Concello de Vigo, 1998.

**Calo Lourido, F.:** *A cultura castrexa.* Ed. A Nosa Terra. Vigo, 1993.

**Carballo Arceo, X.:** *Guía de los castros de Galicia.* Ed. Nigratrea. Vigo, 2005.

**Carballo Arceo, X.; Luaces Anca, J.; Toscano Novella, M.C.:** *Arqueoloxía.* Catálogo do Patrimonio nº 2. Ed. Concello de Vigo, 1998.

**Cegarra Martínez, B.:** *Vigo na historia.* Ed. Promocións Culturais Galegas. Vigo, 2000.

**Cegarra Martínez, B.:** *Vigo Centro Histórico.* Ed. Promocións Culturais Galegas. Vigo, 2001.

**Costas Goberna, F. J.:** *Petroglifos del litoral sur de la Ría de Vigo.* Publicaciones del Museo Municipal "Quiñones de León", nº 8. Ed. Ayuntamiento de Vigo, 1984.

**Costas Goberna, F. J. e Hidalgo Cuñarro, J. M.:** *Las salinas de Vigo. Aproximación al estudio de las salinas de la desembocadura del río Lagares (Vigo).* Ed. Instituto de Estudos Vigueses, 1999.

**Domínguez Pérez, M. e Rodríguez Sobral, J. M.:** *Vigo, rutas arqueolóxicas*. Colección Datos, nº 4. Ed. Concello de Vigo, 1993.

**Garrido, X. e Iglesias X. R.:** *Vigo Arquitectura Urbana*. Catálogos do Patrimonio nº 3. Ed. Concello de Vigo e Fundación Caixa Galicia. Vigo, 2000.

**Leboreiro Amaro, M. A.:** *Vigo Puerto y Destino*. Ed. COAG e Fundación Provigo. Vigo, 2000.

**Martín Curty, J. A.:** *Castrelos: aproximación arquitectónica*. Ed. COAG. Vigo, 1989.

**Ocaña Eiroa, F. X.:** *Itinerario Escolar polas Igrexas Románicas de Vigo*. Ed. Concello de Vigo, 1995.

**Peña Santos, A. e outros:** *Historia de Vigo*. Ed. Vía Láctea. A Coruña, 1999.

**Pereira García, E.:** *A ponte de Balaídos*. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses, Año VI/nº 6/páx. 251-268. Vigo, 2000.

**Rodríguez Casal, A. A.:** *O Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*. Colección Biblioteca de Divulgación Serie Galicia, nº 4. Ed. Universidade de Santiago de Compostela, 1990.

**Varela Alén, J. L.:** *Arquitectura Racionalista en Vigo*. Ed. Concello de Vigo e Fundación Caixa Galicia. Vigo, 2005.

**VV.AA.:** *La Galicia de los pazos*. Ed. La Voz de Galicia. A Coruña, 2001.

